

CAZA DE BRUXAS

Anja Breien, 1981

1711

ESTREA EN NUMAX: 07.04.2026 | V.O.S.E. | 93 min

Século XVII nunha aldea das montañas de Noruega. Unha moza múdase á antiga granxa familiar e comeza a traballar. Resulta ser unha muller forte e emprendedora, o que fai circular rumores. Os habitantes da vila vólvense na súa contra ao atribuírlle habilidades sobrenaturais. Co beneplácito e a axuda das autoridades, acaban por acusala de estar aliada co demo.

O pase contará con presentación previa de Andrea Barreira, autora do libro "Palabra de bruxa".



A muller a través dos tempos

Por Mauro Galindo

Caza de bruxas é un drama de Anja Breien, directora e guionista norueguesa que filmaba con esta a súa quinta longametraxe. A fita obtería a nominación ao León de ouro no Festival de Venecia e a Mención especial á reconstrución histórica neste mesmo certame, así como o premio a Mellor actriz. Durante a súa hora e media de metraje asistimos á chegada de Eli Laupstad, a nosa protagonista, durante o ano 1630, a unha pequena vila nas montañas de Noruega onde adoitaba habitar a súa familia. Alí, Eli tratará de forxar unha vida que acabará por ser destruída.

Partindo desta base, Breien crea unha historia que versa sobre o amor e a traizón cunha forte compoñente sociolóxica seguindo unha estrutura narrativa clásica. Ademais, como se indica na película, está baseada nun episodio histórico real. Un dos aspectos que destacan do filme é a conxunción dunha serie de factores, neste caso a relixión e o machismo implícito nos personaxes, para explicar a evolución do relato e a caída que sofre a protagonista. Semella especialmente relevante a combinación entre unha crítica ou explicación sutil e unha moito máis clara. Breien móstranos como é a sociedade á que chega a protagonista con pequenas pinceladas. Pero ao tempo que hai escenas onde se suxiren moi breve e tenuemente as ideas que habitan na aldea, na primeira escena xa nos está mostrando a impactante caza que dará un grupo de homes a unha muller á que eles consideran unha bruxa.

Aos poucos, imos decatándonos de que a nosa protagonista é todo o contrario ao que no pobo se entende que debería ser unha muller. Eli é unha persoa de carácter forte, traballadora, atrevida e apegada á natureza; aínda que trata de gañarse a vida afastada do pobo, na casa da súa familia, os aldeáns vólvense na súa contra, posiblemente pola única razón de que necesiten unha culpable para explicar os males que afectan a súa aldea. A pinga que colma o vaso chega coa presenza de Arslak, con quen Eli desenvolve unha historia de amor que ao principio parecía ser feliz. A partir de entón, todo na película vira máis escuro e é nesta parte na que Breien máis nos fala da socioloxía, dos prexuízos e de como nos encomendamos a ideoloxías ou crenzas que dan respostas doadas e a priori satisfactorias pero brutalmente crueis tomando bases como a nosa necesidade de pertenza. Así, a directora converte esta narración nunha alegación histórica que nos lembra o perigo que habita nestas ideas, alén de mostrar a realidade das mulleres na historia e en especial no século XVII, así como unha crítica ao poder.

Por outra banda, creo que un dos maiores logros desta obra reside no apartado formal ou visual. As imaxes construídas ao longo da longametraxe non só son dunha beleza descomunal, senón que ademais contextualizan a historia. Estas desprázannos completamente a esa época e lugar no que se desenvolve a historia, permitíndonos entrar noutro universo afastado no que se levan a cabo cazas de bruxas, e adquirindo a posta en escena funcións narrativas moi relevantes. A construción de espazos e o uso doutros elementos como o fume marcan o ton da película e, en especial, xeran un gran misticismo arredor de distintos personaxes (como a propia protagonista). Pódese apreciar tamén o uso dos escenarios para explicar o interior dos nosos protagonistas e a evolución da narrativa ou o emprego da música para alimentar o impacto da película e explotar os picos de emoción e tensión. En conclusión, Anja Breien crea en *Caza de bruxas* unha película cunha poderosa mensaxe e sentido, pero que se explica por medio de diferentes factores e cun aspecto formal (tanto visual como sonoro) que cabe encomiar xa que conforma toda unha experiencia máis que destacable.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Palabra de bruxa,
Andrea Barreira Freije.
Galaxia, 2018